

Como vimos facendo nos albores da primavera dende fai máis de trinta anos, chegou o momento de saír a disfrutar duns días de lecer e compartir a experiencia de visitar bonitos lugares convivindo con persoas que non están habitualmente ao noso carón. Con esta intención, que é a da **Fundación O Noso Lar**, este ano achegarémonos a **Cantabria**.

Terra rica en xacementos arqueolóxicos e pintura rupestre, Cantabria é unha comunidade autónoma uniprovincial, situada na franxa de terra entre a cordillera Cantábrica e o mar Cantábrico (cornisa cantábrica), con capital en Santander.

Estas vacacións son para os maiores e, como sempre, tamén poden participar outras persoas adultas. Os que desexen asistir **deben apuntarse antes do 3 de marzo**

Saída de Samos ás **8 da mañá o día 19 de abril de 2024**

Do 19 ao 21 pernoctaremos en Laredo. Do 21 ao 26 en Santander

LUGARES A VISITAR

Aguilar de Campoo (Palencia):

Declarada *Conjunto Histórico Artístico* en 1966. Vila importante pola súa industria galletera

Reinosa: con importantes casonas que balizan as súas rúas, (*La Casona*, *La Niña de Oro*... Outros lugares de interese: Convento de S. Francisco, ponte de Carlos III, os Torreóns de Navamuel... A 6 km de Reinosa está **Fontibre**, nacemento do río Ebro.

Laredo: A Igrexia de *Santa Maria de la Asunción* é o edificio relixioso máis relevante da vila . O entorno natural é o seu verdadeiro patrimonio.

Castro-Urdiales: Importante cidade mariñeira. De interese a igrexa de *Santa María de la Asunción*, de estilo gótico (S. XIII-XV), declarada BIC en 2002; bonitos xardíns e interesantes palacetes, que poderemos admirar paseando polas rúas.

Santoña: Fermosa bahía, praias e marismas. De interese monumental a igrexa de *Santa Maria del Puerto* (S. XIII) e algúns pazos da nobreza.



Vista xeral de Santander

Santander: Con fermosas vistas paseando á beira do mar, un dos seus principais enclaves é o *Real Palacio de La Magdalena*, construído a principios do S. XX con mestura de varios estilos arquitectónicos. Importante a Catedral, *Nuestra Sra de la Asunción* (S. XII) edificada sobre edificios romanos; o *Mercado del Este* (finais do S. XIX), e numerosas casas señoriais que se aprecian calexeando polas rúas.

Santillana del Mar: O máis importante da vila está nas súas inmediacións: a famosa *Cueva de Altamira*, “Capela Sixtina do Cuaternario”, Patrimonio da Humanidade



Bisonte da *Cueva de Altamira*

· **Comillas:** Con fermosos edificios medievais, barrocos e modernistas: pazo neogótico de Sobrella, *El Capricho* (villa Quijano) de Gaudí, elixido como Mellor Monumento do Mundo en 2023 nos premios *Remarkable Venue Awards*. A Universidade Pontificia de Comillas... Queda a pegada arquitectónica por haber sido vila de veraneo de reis e nobreza.

San Vicente de la Barquera: vila mariñeira. De interese *el Castillo del Rey* (S. XII) e a igrexa de *Santa María de los Ángeles* (S. XIII-XVI) de estilo gótico montañés... *El puente de la Maza* convertiuse no símbolo da vila. Cerca encóntrase a *Cueva de El Soplao*, con formacións xeolóxicas do Cretácico (240 millóns de anos) en caprichosa disposición,

A chegada de volta está prevista para o día 26 sobre as 10 da tarde (22h)

Feliz viaxe a todos os participantes!



**VACACIÓNS
CONVIVENCIA**

**PARA OS
MAIORES**

EN

CANTABRIA

19-26 DE ABRIL

2024